



**UCN cuestiona que o alcalde de Nigrán pedira 300€ de adianto para viaxar a Madrid cando gaña máis de 65.000€ ao ano entre o soldo de rexedor e deputado.**

Tamén que dita viaxe, efectuada en febreiro e vinculada a unha reunión coa empresa Arnaiz Consultores, redactora do PXOM, a mantívese “oculta” nunhas supostas “negociacións por detrás da corporación” para rescindir a vinculación coa citada empresa. O Decreto que autorizou o “adianto” ao alcalde Alberto Valverde e asinado polo tenente de alcalde, Alberto García, foi dado a coñecer este venres polo edil opositor Antonio Fernández Comesaña (UCN).

No correr da xornada, o Concello de Nigrán emitiu un desmentido, asegurando que “ao día de hoxe non existe tal renuncia” (desvinculación) e replicando a Fernández Comesaña coa esixencia que aclare a súa “suposta vinculación “ co [aluguer dun local á concesionaria CESPA](#) , propiedade na que figura como socia a muller do edil, así como por ter percibidos hai uns anos “60.000 euros por parte doutra administración por un traballo de tres meses” sendo membro político da corporación municipal e cunha excedencia como funcionario” de Nigrán. Fernández contestou a VM sobre estas denuncias do rexedor.

**Para a oposición o PXOM queda sen equipo redactor.**

A oposición está convencida que as relacións do alcalde de Nigrán coa empresa redactora do PXOM (Arnaiz Consultores) [están totalmente “deterioradas”](#) e que o vindeiro luns nunha reunión de portavoces convocada esta semana, Alberto Valverde anunciará a recesión do

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 02 Maio 2014 22:32

---

contrato. Para UCN, a sospeita de que a renuncia “podía ocorrer dun momento a outro”, foi a raíz dunha viaxe realizada a Madrid o pasado 12 de febreiro por Valverde, e que este mantivo “oculta” ata que, segundo esta agrupación, “a oposición tivo coñecemento dun decreto polo que se lle autorizou a percibir un anticipo a xustificar por importe de 300€, para a viaxe”. De consumarse a desvinculación contractual, para o PSOE “desgraciadamente haberá que volver a empezar case dende cero” na elaboración do PXOM de Nigrán.

Pola súa banda, o rexedor de Nigrán sae ao cruce destas declaracións e sinala que “ao día de hoxe non existe tal renuncia”. Engade que a oposición demostra un “absoluto descoñecemento” da actualidade da tramitación do PXOM e anuncia que na devandita reunión do luns 5 de maio recibirán “todas as explicacións oportunas”.

### **O deterioro das relacións do Concello de Nigrán con Arnaiz Consultores.**

Fontes internas do concello aseguran que as relacións da empresa redactora co concello están rotas dende fai máis de medio ano.

O rumor dunha posible ruptura con Arnaiz Consultores estaba instalada nos círculos políticos dende a renuncia do ex edil de Urbanismo, Ignacio Vilas. Unha división no equipo de goberno popular que provocou [un cruce de graves acusacións entre Valverde e Vilas](#), entre elas a presunta existencia de “pelotazos urbanísticos no PXOM”, así como “presuntas conexións entre o equipo redactor e algún gabinete de arquitectura”, o que acendeu “todas as alarmas e sementou graves sombras sobre o futuro -cada vez mais incerto- do Plan”, segundo declaraba o portavoz de UCN, Antonio Fernández Comesaña trala finalización do pleno de setembro de 2013.

[Consumada a separación de Vilas](#), a principios de abril deste ano Antonio Fernández Comesaña, [tamén denunciara que o alcalde negociaba “por detrás da corporación”](#) a desvinculación do actual equipo redactor do documento. Denuncia agora fornecida pola aparición do citado Decreto de Alcaldía onde Valverde solicita un “adianto” en febreiro pasado para “asistir a unha reunión sobre o plan xeral coa empresa redactora Arnaiz” e que a oposición descoñecía. Por riba, o edil da UCN lembraba en abril que a “empresa -que está en proceso concursal- foi incapaz de realizar o seu traballo no prazo comprometido (18 meses), polo que deberá indemnizar por danos e prexuízos causados”

## **O PXOM de Nigrán volve a punto 0?**

O PXOM de Nigrán [conta cunha aprobación inicial dende xuño de 2013](#) . Sen embargo, o máis de un milleiro de alegacións presentadas obrigou a un novo estudo do documento por parte da empresa redactora. A súa desvinculación, segundo analiza o concelleiro Juan González (PSOE), implica “empezar case dende cero” e descarta a súa aprobación neste mandato municipal.

## **Fernández Comesaña fala do aluguer a CESP A e as actividades de consultoría.**

“O portavoz de UCN debería centrarse en dar explicacións aos veciños de Nigrán” sinalaba este venres o alcalde Alberto Valverde, evidentemente molesto polas críticas de Fernández ao pedido de “adianto”. Nomeadamente , Valverde salientou “a súa suposta vinculación coa empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo a través dun aluguer” así como por ter percibidos hai uns anos “60.000 euros por parte doutra administración por un traballo de tres meses” sendo membro político da corporación municipal e cunha excedencia como funcionario” de Nigrán

En primeiro lugar o rexedor facía referencia a unha nova [publicada por La Voz de Galicia na que se daba conta da existencia dun contrato de aluguer](#) por un local propiedade da muller de Fernández en sociedade cos funcionarios municipais de Nigrán, Eloy Rodríguez Alborés e Álvaro Fernández Rodríguez (este xubilado). Dito aluguer asinado no ano 2004 e con duración de 16 anos, o sexa durante o tempo da concesión, tería beneficiada a esta sociedade con 264.960 euros. Contrato que foi asinado meses antes da aprobación da concesión na que figuraba a obriga para a empresa de contar con instalacións no municipio, e sendo Fernández Comesaña concelleiro de Infraestruturas de Nigrán, con responsabilidade política na área da devandita concesión.

Fernández Comesaña, en declaracións a VM afirmou que o contrato de aluguer está dentro do “exercicio da liberdade de mercado”por parte da empresa CESP A que pode contratar “con quen queira”. Asegura non ter cometida ningunha “ilegalidade” porque ten separacións de bens coa súa muller dende o ano 2000. Agrega que a concesión a CESP A non foi unha decisión súa senón da corporación municipal que “a votou no seu momento”.

Co respecto ao cobro dos 60 mil euros que facía mención Valverde, o edil asegura que forman parte da súa actividade profesional e privada nunha consultoría da que é socio e que fai traballos de asesoramento en materia contable e informática a concellos de toda Galicia. Asegura que trátase dunha actividade que non ten ningún vencello coa súa condición de funcionario de carreira no concello de Nigrán, e pola que “pago impostos”. Fernández Comesaña negou calquera tacha “ética ou legal” en ambas as dúas actividades denunciadas por Valverde e desafiou ao rexedor a que faga unha “denuncia xudicial” se está convencido do contrario. “A estou esperando”, salientou.

{attachments}